

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 17 de febreiro do 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do II Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas e das microempresas afectadas pola crise da COVID-19, mediante o Programa I de persoas traballadoras autónomas (TR500A), susceptible de ser financiado parcialmente polo Fondo Social Europeo (FSE), e o Programa II de microempresas (TR500B), e se procede a súa convocatoria para o ano 2021.

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 33, do xoves 18 de febreiro de 2021, procédese a efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 10364, no anexo I, no último cadro («**SOLICITANTE**»), onde di: «Autónomo de tempada. Meses de alta anos: 2019 2020», debe dicir: «Autónomo de tempada que estivese de alta un mínimo de catro meses e un máximo de nove meses, en cada un dos anos 2018 e 2019».

Na páxina 10367, no anexo I (continuación), no primeiro cadro («**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**»), no número 3, o sexto punto, onde di: «Estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social», debe eliminarse.

Na páxina 10371, no anexo II (continuación), no primeiro cadro («**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**»), no número 3, o sexto punto, onde di: «Estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social», debe eliminarse.

